

Examinado o informe proposta asinado pola xefa de Sección de Benestar Social con data 03 de setembro de 2020 e que literalmente di :

“Dende a Concellería de Benestar Social convocáronse as axudas ó comedor para o curso 2020-2021 coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades dos menores a cargo de familias con escaseza de recursos económicos.

As bases correspondentes foron aprobadas polo Pleno da Corporación o pasado 28/05/2020.

Ditas bases publicáronse no BOP e no taboleiro de Edictos do Concello o día 08/06/2020.

Con data 16/06/2020 publicanse as convocatorias no BOP nº 88, abríndose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, contando a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria (BDNS 510166 e 510171), rematando o prazo o día 08/07/2020.

Unha vez revisada a documentación das solicitudes presentadas, publicouse un listado provisional de admitidos/as e excluídos/as o día 04/08/2020, abríndose un prazo de subsanación de 10 días hábiles, prazo que rematou o día 18/08/2020.

Unha vez transcorrido o prazo de subsanación, e comprobado que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos esixidos nas bases e os establecidos na Lei Xeral de Subvencións para ser beneficiarios de axudas públicas, resultan definitivamente beneficiarios/as das axudas ó comedor os seguintes menores por colexios:

Colexios Públicos	Nº de menores	Importe anualidade 2020 (71 días lectivos) €	Importe anualidade 2021 (108 días lectivos) €
Almorzo	1	134,19	204,12
Xantar	34	8.666,26	13.182,48
Almorzo e xantar	77	29.685,81	45.155,88
Subtotal	112	38.486,26	58.542,48
Colexios Concertados (só xantar)			
Belén	7	1.988,00	3.024,00
Compañía de María	29	10.192,05	15.503,40
Cristo Rey	29	7.680,07	11.682,36
Jesús Maestro	5	1.867,30	2.840,40
La Salle	18	8.946,00	13.608,00
Ludy	18	3.885,12	5.909,76
Sagrado Corazón - Mercedarias	18	4.281,30	6.512,40
San Rosendo	14	4.661,86	7.091,28
Santa Juana de Lestonnac	24	7.480,56	11.378,88
Tirso de Molina	4	823,60	1.252,80
Valle Inclán	5	1.934,75	2.943,00
Aspanaes	1	745,50	1.134,00

Subtotal	172	54.486,11 €	82.880,28
Total	284	92.972,37 €	141.422,76 €

Os prezos dos menús dos colexios (IVE engadido) para o curso 2019-2020, segundo as empresas que os prestan, son os seguintes:

Colexios Públicos:

Empresa adxudicataria do último contrato de servizo de comedor escolar nos colexios públicos de Ferrol, e que, unha vez rematado o dito contrato, é a empresa que presta o servizo mentres non recae nova adxudicación: SERUNIÓN S.A. (CIF. A59376574)

Prezos:

- Xantar: 3,59 €
- Almorzo: 1,84 €

Colexios Concertados:

Colexio	Empresa de catering	CIF	Prezo Xantar (IVE incluído)
Belén	ARUME	B27831783	4,00 €
Compañía de María	Compañía de María	R1500072B	4,95 €
Cristo Rey	ALCIL RESTAURACIÓN S.L.	B47532288	3,73 €
Jesús Maestro	ARUME	B27831783	5,26 €
La Salle	JARDANAY	B15754682	7,00 €
Ludy	ARUME	B27831783	3,04 €
Sagrado Corazón- Mercedarias	ARUME	B27831783	3,35 €
San Rosendo	ARUME	B27831783	4,69 €
Santa Juana de Lestonnac	JARDANAY S.L.	B15754682	4,39 €
Tirso de Molina	ARUME	B27831783	2,90 €
Valle Inclán	CATERING FERROLTERRA,SL	B70222849	5,45 €
Aspanaes	Aspanaes	G15048937	10,50 €

Unha vez resoltas as alegacións relativas ás axudas á escolarización, resultan definitivamente beneficiarios/as das axudas á escolarización:

Menores beneficiarios axudas á escolarización	Contía individual da axuda	Importe total
521	95,00 €	56.620,00 €

Polo exposto, propónse á Concelleira delegada de Benestar Social que acorde o seguinte:

1. Aprobar a resolución definitiva de **becas de comedor escolar para o curso 2020-21** co desglose de anualidades:
 - **ano 2020** por importe de **92.972,37 €** con cargo ao RC de referencia 1219 da partida

04001-3263-480.00 .

- **ano 2021** por importe de **141.422,76 €** condicionado á existencia de crédito no presuposto de 2021.

2. Aprobar a resolución definitiva das **axudas á escolarización para o curso 2020-21** por importe de **56.620 €** con cargo ao RC de referencia 1221 da partida presupostaria 04001-3263-480.00.
3. Aprobar a concesión das axudas que se indican no listado que se anexa: “ Listado definitivo becas de comedor escolar e axudas á escolarización curso 2020/21 en formato pdf.”

Decreto.- Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,

Dou fe,
O Secretario Xeral